

CAMPAÑA A PROL DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

A QUEN VAI DIRIXIDO ESTE TRÍPTICO?

O presente tríptico foi ideado e deseñado para vós, pais, nais e titores legais pertencentes ás nosas Comunidades Educativas, e achegarvos a necesidade de abordar todos xuntos a mellora da competencia lingüística do noso alumnado.

POR QUE NOS DIRIXIMOS A VÓS?

A través deste folleto, queremos solicitar a vosa colaboración como membros fundamentais que sodes das nosas Comunidades Educativas. Necesitamos a vosa axuda para dotar ao noso alumnado das mellores ferramentas que lle permitirán unha óptima integración na sociedade na que lles tocará desenvolverse nun futuro próximo, unha sociedade cada vez máis globalizada pero na que todas as comunidades queren conservar os trazos que as caracterizan.

Nun mundo cada vez máis competitivo, onde o coñecemento dos idiomas é básico para abrirse camiño, cómpre que sexamos conscientes de que non nos podemos permitir o luxo de desprezar ningunha das potencialidades lingüísticas. Neste sentido, a lingua galega é o noso patrimonio distintivo, forma parte da nosa identidade. Pero ademais vivimos nunha Europa multilingüe e **quen sabe galego sabe máis**.

AS VANTAXES DE MEDRAR, ADEMAIS, CO GALEGO

Existen numerosos estudos sobre as vantaxes do plurilingüismo. Como docentes –e pais e nais–, consideramos que medrar nunha sociedade bilingüe só lles proporciona, aos nosos alumnos e alumnas, beneficios para o seu futuro. **O obxectivo de todo modelo de educación plurilingüe é posibilitar o dominio efectivo dunha ou máis linguas** que o alumnado non ten no seu medio social e/ou familiar. Pero a educación plurilingüe é moito máis cá promoción dunha segunda ou terceira lingua: **é apostar polo desenvolvemento social, polo enriquecemento da comunidade e pola consecución dun mundo máis democrático, educado, culto, tolerante, libre e plural**. Por iso, o plurilingüismo debe ser unha esixencia e unha aspiración para todas as persoas, ademais de ser o camiño máis axeitado para salvagardar a diversidade cultural. Cómpre, xa que logo, que a educación persiga **a plena capacitación plurilingüística do alumnado**. É dicir, que resulta fundamental que o noso alumnado chegue a acadar, tanto na lingua escrita coma na oral, o mesmo grao de competencia nas dúas linguas.

AS VANTAXES NO EIDO EDUCATIVO

Está demostrado, trala experiencia de case 100 anos de programas de educación plurilingüe nos cinco continentes, que a **escolarización nun sistema educativo plurilingüe**, levado á práctica con rigor e responsabilidade, **ten efectos positivos sobre o desenvolvemento educativo e lingüístico do alumnado**:

- * A aprendizaxe bilingüe dos/as nenos/as e mozos/as favorece e facilita a aprendizaxe posterior doutras linguas, xa que o alumnado desenvolve mellores habilidades nas materias de linguas. (Os estudantes bilingües asumen unha base fonética e gramatical máis ampla que lles axuda no acceso a outras linguas).
- * Reforza a súa capacidade de simbolización e de abstracción, polo que tamén **favorece a adquisición de contidos relacionados**, por exemplo, **coas matemáticas ou coa plástica**.

AS VANTAXES NO EIDO SOCIAL E ECONÓMICO

O futuro dos nosos fillos/as no marco social e administrativo de Galicia pasa pola súa necesaria competencia nas dúas linguas para, dese xeito, desenvolverse con plenitude en oposicións, estudos superiores, traballos de investigación e innovación tecnolóxica, creatividade, cultura, etc. **Para integrarse nunha sociedade altamente competitiva na que o galego vai a máis, ter un óptimo dominio da lingua galega é un requisito imprescindible nos eidos social, administrativo, laboral e cultural**.

Na actualidade moitas empresas están a usar o galego nas súas campañas publicitarias e nas súas comunicacións externas e internas, xa que hai estudos que demostran que existe unha alta aceptación na poboación ó uso empresarial do galego, ademais de que **o galego supón un valor engadido ós produtos da nosa terra**, que se identifican como de excelente calidade.

O empresariado valora os coñecementos de galego dos seus empregados, sobre todo cando teñen que relacionarse coa administración autonómica, que cada vez valora máis o uso da lingua nas empresas.


A LINGUA GALEGA NO ESCENARIO EUROPEO

A diversidade lingüística é unha realidade que contemplamos acotío en todos os estados que compoñen a Unión. A Unión Europea constitúe a institución máis políglota do mundo, con vinte e tres linguas oficiais. Con todo, máis de 40 millóns de cidadáns da UE falan diariamente unha lingua non

oficial do Estado en que habitan.

A lingua galega forma parte da diversidade lingüística española e europea. Dispón do status de lingua propia de Galicia e é cooficial xunto co castelán. O seu número de falantes habituais, case 2 millóns e medio, convértena nunha variedade de tamaño medio no ámbito europeo; e sitúase entre as linguas europeas rexionais e minoritarias cunha maior vitalidade social e institucional.

Curiosidade sobre algunhas linguas da UE e o seu número de falantes:




Curiosidade sobre a educación plurilingüe en Europa:

En toda Europa hai moitísimos casos de plurilingüismo e convivencia lingüística.


Presentámosvos algúns:

- **Finlandia**, con cinco millóns de habitantes, ten o finlandés de lingua oficial (cooficial co sueco) desde 1920 (antes era só a lingua da casa e o sueco a lingua "importante"). **Todos os estudantes acaban a escolaridade obrigatoria dominando catro idiomas:** finés, sueco, inglés e un cuarto idioma optativo. Destaca por ser o país coa **máxima puntuación no informe PISA**, parámetro do rendemento educativo dos estados da OCDE.

- **Islandia**, país onde viven só 300.000 persoas, ten o islandés como lingua oficial desde hai 60 anos (antes era a lingua da casa e o danés era a única lingua oficial, xa que Islandia pertenceu a Dinamarca ata 1944). Os estudantes islandeses teñen boa ou moi boa competencia en catro linguas ao remate da súa escolarización: o islandés a primeira, **pero tamén aprenden en danés, inglés e alemán/francés**. Este país destaca por ter uns resultados escolares óptimos e o **maior índice de lectura por habitante do mundo**.



- En **Serbia**, na rexión autónoma da Voivódina, con menos poboación que Galicia, teñen **cinco linguas oficiais**: serbo-croata, húngaro, esloveno, romanés e ruteno, correspondentes ás nacionalidades que historicamente viven nesa rexión, e onde a educación, a prensa, a administración etc., é sempre como mínimo en tres linguas. O plurilingüismo nesta rexión non foi ningún problema, máis ben foi unha **vantaxe para o desenvolvemento intelectual e a cohesión social e cultural** dos seus habitantes. Un índice disto é que Voivódina foi sempre unha das rexións europeas con mellor ratio de doutores universitarios por habitante.



Daquela, o maior reto para nós está na necesidade de que **o alumnado chegue a consolidar unha competencia plena na súa lingua e non abandonen o seu uso, sobre todo na práctica oral**. Este posible abandono está moi ligado á presenza de prexuízos, tanto no seu ámbito inmediato (escola, familia, lugar onde viven) coma no ámbito social. Referímonos a afirmacións negativas para a lingua e que **non son certas**, do tipo: "Co galego non se vai a ningures", "Aquí non falamos ben o galego, falamos castrapo", "O galego é lingua de pailáns" ...

Para rematar, debemos ter en conta:

Sabéndomos galego, cun mínimo esforzo chegamos a ser competentes en portugués, lingua falada por 250 millóns de persoas en catro continentes, e con poucas horas de aprendizaxe accedemos doadamente a unha mínima competencia noutras linguas da familia románica: italiano, catalán, sardo, francés, romanés etc.

Quen é competente en galego e castelán, ademais de posuír unha destreza maior en capacidades cognitivas e neuro-lingüísticas, ten a porta aberta a unha máis doada competencia nas linguas e coñecementos que se propoña.

DAQUELA

QUEN SABE GALEGO SABE MÁIS

CONSERVAR O NOSO PATRIMONIO DEPENDE DE NÓS!

Usar con soltura e normalidade a nosa lingua é conservar un valioso patrimonio que debemos e podemos coidar e transmitir.

Nun mundo cada vez máis globalizado e uniformado os pobos aférranse con maior forza á **riqueza das diferenzas**, da diversidade natural. Preservar a riqueza lingüística e cultural da terra é o mesmo que preservar para o futuro a riqueza ecolóxica, paisaxística, etc.

Hai 30 anos o "normal" era a destrución do medio natural ou do patrimonio histórico en nome da "modernidade". Demolíanse edificios históricos ou destruíanse espazos naturais para substituílos por outras cousas, normalmente peores. Hoxe o sensato, culto e civilizado en toda Europa é a conservación e **rehabilitación para novos usos** do medio natural, do patrimonio histórico e, por suposto, **das linguas minorizadas** pola historia, por iso a Unión Europea e o Consello de Europa teñen tanto interese **no fomento do patrimonio lingüístico europeo dentro do marco dunha Europa culta e políglota.**



CAMPAÑA A PROL DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA



IES "Félix Muriel" de Rianxo
CRA de Rianxo

A LINGUA GALEGA NO TERRITORIO NACIONAL

Case a metade da poboación de España habita en comunidades autónomas con máis dunha lingua oficial.

A Constitución Española di:

1. *O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.*
2. *As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas súas respectivas comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos.*
3. *A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e atención.*

Hai comunidades españolas cunha longa tradición de **educación plurilingüe** (Cataluña e Euskadi) onde o alumnado ten moi boa competencia en varias linguas e domina por igual a lingua propia, a lingua do estado e polo menos unha lingua estranxeira. No Val de Arán (Lleida), o alumnado cando remata o ensino obrigatorio dominan ben tres idiomas: aranés, catalán e castelán, e ten abonda competencia en inglés e francés. Os nenos e nenas araneses non só non sofren ningún tipo de trauma escolar, máis ben ao contrario, son persoas con mellores aptitudes e actitudes para todo tipo de aprendizaxes.

En Galicia, a actual lexislación educativa (Decreto 124/2007) reforza o programa de **ensino bilingüe** que ten como principal obxectivo garantir que todo o alumnado remate a escolarización obrigatoria (ESO) cun nivel semellante de coñecemento de galego e de castelán, tanto nas destrezas orais como nas de lecto-escritura e, asemade, acadar un coñecemento digno dunha lingua estranxeira. Isto é, preténdese que a poboación que accede ao sistema educativo acadade unha competencia suficiente para poder expresarse con corrección nas dúas linguas, para garantir a igualdade plena e efectiva das dúas, ademais de coñecer dúas linguas estranxeiras.

En contextos galego falantes coma o noso, a adquisición dunha boa competencia oral na segunda lingua (o castelán, nestes contextos) está moi favorecida pola amplísima presenza social (televisión, prensa, revista, xogos, música, Internet...) e pola actitude positiva cara á súa aprendizaxe.